


poesia cativa
vol. 2: mundo verde





Samuel L. París
poesía cativa. vol. 2: mundo verde
<http://pararaparis.wordpress.com>

poesía cativa. vol. 2: mundo verde

as feitas na horta
túa nai está morta

caeu o balón nas silvas
caeu o balón entre as moras
caeu o balón e xa non ten aire
vai para casa que non son horas

caeu o balón nas silvas
túa nai está morta

collín collín collín
toxos e flores
e pensa pensa pensa
pensamentos
pala pala pala
palabras amorosas
que leva o vento
até o cemiterio
onde está túa nai

vaille chorar á cara

a herba que nace debaixo dos bancos do parque
está chorando
a herba que morre debaixo dos bancos do parque
está chorando
a herba
está chorando

e ti que aínda es pequeniña
tes que sorrir

as uvas son verdes
a cenorias son laranxas
túa nai está morta
enterrámola na horta

subimos polo piñeiro
vai vai vai imos bailar
baixamos polo pexegueiro
vai vai vai imos chorar

—e lo?

—morreu túa nai

un ananás e unha banana
querían subir á lúa
pero como non sabían como
chamaron unha amiga súa

un ananás e unha banana
querían subir á lúa
pero era algo totalmente fóra de lugar

peras e mazás
que comerás pola mañá
como teñen moita fibra
xa irás cedo cagar

un dous tres
catro cagallonciños
cinco seis setembro foi un mes moi duro

o outono está chegando

trescentas margaridas

CORO DE NENOS DISLÉXICOS: *idas! idas! idas!*

correndo polo prado

CORO DE NENOS DISLÉXICOS: *ado ado ado*

abertas en oito

CORO DE BOBOS: *oito oito oito*

a vida era moi dura para ter a sorte de saír indemnes

CORO AUTOCONCLUSIVO: *e mamá?*

a balada triste da roseira punk

roseira do meu xardín
eh! eh! eh!
heite querer ben
eh! eh! eh!
se me mancas as mans
eh! eh! eh!
heite ver arder

roseira! roseira!
voute queimar
non quero rosas / non quero flores
só quero que o fume me entre nos ollos

roseira! roseira!
voute prender lume
non quero flores / non quero rosas
só quero perverter a túa esencia en carumas e desilusión

leitugas do frigorífico
estades murchiñas

mercámosvos no eroski
en troca de ir ao día

leitugas da neveira
estades moi tristeiras

mercámosvos xa hai quince días
de feito
mercounas túa nai
a ver se vai ser polas leitugas o de que palmase así sen avisar nin nada

[REPETIR MIL VECES AO MIRAR A ALGUÉN AOS OLLOS POR PRIMEIRA VEZ]

as mandarinas
cómense
por algo máis
que polas vitaminas